



BASES PARA O CONCURSO DE ELABORACIÓN DO MANIFESTO

1. Pode participar todo o alumnado de ESO e Bacharelato menor de 20 anos, de calquera centro de Galiza.
2. A participación no concurso será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente para UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos).
3. O manifesto deberá estar de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:
 - Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
 - Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galega.
 - Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas, amenas e interdisciplinares.
 - Contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo.
4. A extensión do manifesto será dun máximo de 500 palabras e deberá desenvolver total ou parcialmente a idea do lema da edición 2020: **vinde coa lingua**, inspirado no 20 aniversario do Correlingua.
5. Os centros deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web: <http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-no-manifesto/> **antes do día 1 de febreiro de 2020**. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compón o grupo e tamén a etapa educativa. O texto do manifesto deberá ser enviado antes do **17 de febreiro de 2020** por correo electrónico a correlingua@gmail.com ou por ordinario a:

CORRELINGUA

Avenida de Lugo, 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela.

O envío farase **con pseudónimo do grupo**. Ademais, nun documento anexo deberán facilitarse os seguintes datos:

- nome de todos os compoñentes do grupo.
- curso e centro escolar ao que pertencen.
- teléfono de contacto.

6.- O xuri estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. A decisión do xurado será inapelábel.

7. O premio para o grupo gañador consistirá en:

- Unha viaxe e un diploma acreditativo para o grupo que será entregado nun acto público.
- **Un obradoiro de creación literaria da man dunha escritora galega no propio centro de ensino do grupo gañador.**

8. O traballo do grupo gañador será lido en todas as festas finais do Correlingua 2020.

9. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.

10. Os traballos participantes poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

11. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

Correlingua

www.correlingua.gal

Facebook, Instagram: Correlingua

Avenida de Lugo 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela

tlf: 698180557